

## Víctor Campio Pereira, poeta fundamental

ACABA de publicar o PEN Clube de Galicia o número 13 da súa colección *Arte de trobar*, colección poética que financia Caixanova desde o seu inicio. Este volume, de 250 páxinas, recolle, co título *O aire, a luz e o canto*, a poesía escrita por Víctor Campio Pereira entre 1987 e 2006. O autor, nado en Garabás (Maside), acaba de cumprir oitenta anos. Foi profesor de Literatura Española en varios centros de ensino e, nas dúas últimas décadas, nun Instituto de Ourense, cidade onde uns cantos *lletraferits* coñecen e aman algúns dos seus poemas, especialmente certos sonetos, antolóxicos certamente.

Trátase de textos que escribiu —e, algunhas veces, publicou— un poeta que nunca fixo ruído, que nunca aturuxou e que nunca, porque non sabe, publicitou as súas palabras. A publicación deste coidado volume cun excelente prólogo de Manuel Outeiriño e un epílogo meu vai ser, para os letraferidos doutras partes de Galicia, a descuberta deste extraordinario poeta, unha das voces verdadei-

ramente importantes do noso século XX. ¡A sombra que sexa cando o autor xa cumpríu oito décadas! Víctor Campio entréganos, neste volume, o compango da poesía, ese alimento ao cal nunca renuncian os verdadeiros letraferidos. Vai ser libro de cabeceira para todos eles, que o abrirán ao chou e sempre encontrarán un poema auténtico, fermosamente articulado nun idioma excelso, nun galego que é o de Curros, o de Iglesia Alvariño, o de Luís González Tosar, pero máis depurado e matizado.

Cando, dentro de dúas ou tres décadas, se lle dedique a Víctor Campio Pereira o Día das Letras Galegas, os eruditos e os profesores de literatura preguntaranse por que houbo que esperar ao ano 2008 para que o noso poeta fose recibido no Parnaso europeo como unha das súas grandes voces. Sexa cal for a resposta, profesores e eruditos agradecerán ao PEN Clube de Galicia a descuberta, e agradecerán, tamén, que o noso PEN lle asigne a Manuel Outeiriño a honra



MIGUEL VILLAR

Víctor Campio Pereira, en una foto de arquivo

de prologar este extraordinario corpus de poemas.

«Se canta lo que se pierde», sentenciou don Antonio Machado, e nisto tamén Víctor Campio é un poeta de sempre, un poeta clásico. O soneto *Ampárome no soño*, que non é inferior a *Se chego no solpor*, foi suscitado pola perda de Isabel Nolasco, a súa amada e inesquecible esposa. Pero este gran poeta

honra o xénero elexiaco, fóra do soneto, noutras composicións verdadeiramente antolóxicas: *Nai, pai* e *Non te verei*, de novo sobre o tema da muller amada e perdida.

A poesía do mundo é, desde hoxe, máis rica, máis humana, máis nobre, máis cordial, máis grande. E a lingua galega, moito máis prodixiosa.